

a clásica


**FESTIVAL  
DE ÓRGANO**

**8 PÉS**

23.11.2021-27.11.2021

**CONCATEDRAL  
DE STA. M.<sup>A</sup> DE VIGO**

Semana de santa Icíá 2021



# a clásica



## COLABORAN



## DIRECTOR

Manuel Martínez Torres

## VICEDIRECTOR ARTÍSTICO

Daniel Sanmartín Nieto

## TEXTOS

Manuel Martínez Torres

## DESEÑO E IMAXE GRÁFICA

Carmen Itamad Cremades Romero

## IMAXE

*An athlete examining his damaged foot.* Line engraving by F. Piranesi after L. Corazzari. por Ludovico Corazzari - 1785 - Wellcome Collection, United Kingdom - CC BY.  
<https://www.europeana.eu/es/item/9200579/bcrwksct>

# 8PÉS

---

A Orquesta Clásica de Vigo presenta neste 2021 a primeira edición de 8PÉS, un festival dedicado ao órgano, á súa música e ao seu mundo, tomando como centro o instrumento da Concatedral de Santa María de Vigo, construído por Lope Alberdi no ano 1909.

8PÉS é una aproximación ao órgano dende a curiosidade para coñecer unha música misteriosa e única. Nela conxúgase como poucas a historia, a tradición e a modernidade, concentrada nun instrumento abraiante que pasa desapercibido nas igrexas polo seu carácter secundario.

A música do órgano resoa nun dos instrumentos vivos máis antigos e caracterízase pola súa modernidade e diversidade; a densidade e a solemnidade; a versatilidade e a complexidade. Aspectos todos eles recollidos nun repertorio amplísimo en moitas ocasións agochado ou esquecido.

8PÉS é un proxecto da Clásica que nace na semana de Santa Icía para poñer este instrumento no centro do concerto. Un festival que xurde como unha oportunidade para abrir o órgano á cidade e compartir o noso

pasado con solistas excepcionais que veñen, nesta ocasión, dende Covadonga, Valencia e San Sebastián para enfrontarse ao noso órgano centenario, nunha programación diversa pensada para descubrir, gozar coa súa música e poñer en valor o noso patrimonio restaurado.

Comeza 8PÉS. Volve a soar o órgano Alberdi.

**a clásica**

# ARTISTAS CONVIDADOS

**24.11.2021**

Fernando Álvarez (órgano)

Vicente Cueva (violín)

---

**26.11.2021**

Arturo Barba (órgano)

---

**27.11.2021**

Loreto Aramendi (órgano)

Orquesta Clásica de Vigo

*Os concertos terán lugar na Concatedral de Santa María de Vigo ás 21:00h cunha duración aproximada de 60 minutos e o acceso será de balde previa reserva a través de Entertiket (QR) coa fin de cumprir cos protocolos sanitarios.*



# 23.11.2021

---

17:00h      Visita guiada ao órgano  
da Concatedral

18:00h      “O Órgano da Concatedral de Vigo”.  
Conferencia na Biblioteca da EMAO  
por A. Acitores: Intervención no  
órgano da Concatedral no ano 2017

Mesa redonda sobre a historia do  
Órgano da Concatedral de Santa  
María de Vigo con Manuel Martínez  
Álvarez-Nava, Pablo Abreu, e  
Acitores. Modera Daniel Sanmartín.



- 17:00h Visita guiada ao órgano da Concatedral
- 18:00h Conversa entre Vicente Cueva, violín e Fernando Álvarez, órgano. Sede da Deputación en Vigo
- 21:00h Concerto na Concatedral de Sta. M.<sup>a</sup> de Vigo (Acceso do público ao remate da misa, aprox. 20:30h)

Vicente Cueva, violín  
Fernando Álvarez, órgano

## PROGRAMA

- *Preludio, fuga e chacona*, de Dietrich Buxtehude (1637-1707)
- *Epílogo*, de Vicente Cueva (1943)\*
- *Basse et dessus de trompette*, de Louis-Nicolas Clérambault (1676-1749)
- *Dolorosa, das «Melodías Vascas»*, de Jesús Guridi (1886-1961)\*
- *Ven agora, Salvador dos xentís, BWV 659*, de Johann Sebastian Bach (1685-1750)
- *Intermezzo*, de «Cavalleria rusticana», de Pietro Mascagni (1863-1945)\*
- *Señor Deus, ábreme agora o ceo, BWV 617*, de Johann Sebastian Bach (1685-1750)
- *Meditación*, de «Thaïs», de Jules Massenet (1842-1912)
- *Xesús segue sendo a miña ledicia, BWV 147*, de Johann Sebastian Bach (1685-1750)\*
- *Aria*, da «Suite orquestal n.º 2», de Johann Sebastian Bach (1685-1750)\*
- *Ronda de campás*, de Niccolò van Westerhout (1862-1898)
- *Añada al niño Jesús*, de Vicente Cueva (1943)\*

\*violín e órgano

# 25.11.2021

---

17:00h      Visita guiada ao órgano  
da Concatedral

18:00h      “O Órgano na Igrexa: formación,  
liturxia e interpretación”. Mesa  
redonda con Marisol Mendibe e  
Daniel Goberna. Modera Daniel  
Sanmartín (Biblioteca da EMAO)



# 26.11.2021

---

17:00h      Visita guiada ao órgano  
da Concatedral

18:00h      Conversa entre Arturo Barba  
e Loreto Aramendi. Sede da  
Deputación en Vigo

21:00h      Concerto na Concatedral de Sta. M.<sup>a</sup>  
de Vigo (Acceso do público ao  
remate da misa, aprox. 20:30h)

Solista: Arturo Barba, órgano  
*Contrapunto, desenvolvemento e  
variación*

## PROGRAMA

- *Fantasia e fuga sobre o nome B.A.C.H.*,  
de Franz Liszt (1811-1886)
- *Toccata, villancico e fuga (sobre B.A.C.H.)*,  
de Alberto Ginastera (1916-1983)
- *Preludio e fuga en la menor, BWV 543*,  
de Johann Sebastian Bach (1685-1750)
- *Variacións sobre un Tema de Paganini para pedal  
solo*, de George Thalben-Ball (1896-1987)
- *Allegro con fuoco, da Sinfonía n.º 9 en mi menor,  
op. 95, "Desde o Novo Mundo"*, de Antonín Dvořák  
(1841-1904), transcripción de Z. Szathmáry

# 27.11.2021

---

11:00h      Visita aos órganos Alberdi da Ría de Vigo: Igrexa de Santiago de Vigo, Concatedral de Santa María e Igrexa de Santiago de Cangas

21:00h      Concerto na Concatedral de Sta. M.<sup>a</sup> de Vigo (Acceso do público ao remate da misa, aprox. 20:30h)

Orquesta Clásica de Vigo  
con Loreto Aramendi


Solista: Loreto Aramendi, órgano  
Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava

## PROGRAMA

- *Funérailles “armonías poéticas e relixiosas”*, de Franz Liszt (1811-1886), transcripción de L. Robilliard
- *Concerto para órgano, cordas e timbais en sol menor, FP 93*, de Francis Poulenc (1899-1963)
- *Andante festivo*, de Jean Sibelius (1865-1957)

# OS ARTISTAS





# FERNANDO ÁLVAREZ MENÉNDEZ

Nace en Almurfe (Belmonte de Miranda, 1965). Comeza os seus estudos musicais en Pola de Siero, baixo a tutela de Anxo Embil. Posteriormente continúa no Conservatorio Superior de Música “Eduardo Martínez Torner”, onde cursa a carreira de órgano baixo a dirección de Antonio D. Corveiras e Composición co mestre Leoncio Diéguez. Finaliza os estudos de órgano superior no Conservatorio de Música de San Sebastián

co mestre Esteban Elizondo. Para completar a súa formación, asiste a numerosos cursos tanto de órgano como de dirección de coro. Actuou en distintos órganos de Asturias, entre eles, Soto del Barco, Llanes, Avilés, Pola de Siero, Pola de Lena, Oviedo, Cangas de Onís, Santuario de Covadonga; e en distintas autonomías da xeografía española, Madrid, Cantabria, León, Cataluña, Valencia. Tamén participa en varias gravacións musicais con outros instrumentistas e cantantes. Desde o ano 1983 é organista na Real Basílica de Covadonga, onde acompañou a innumerables cantantes, instrumentistas e coros de todo o panorama español. Tamén exerce como xefe de estudos, profesor de piano, órgano e Linguaxe Musical na Escolanía do Santuario.



# VICENTE CUEVA

Nace en Xixón en 1943. Estuda violín e piano na Escola de Música da súa cidade natal. En Madrid, estudos superiores de violín, así como os de canto, obtendo Diploma en Música de Cámara e o Premio Sarasate de fin de carreira. Actuou como solista en varios grupos de cámara e coa Orquestra Sinfónica de RTVE da que é primeiro violín desde a súa fundación (1965). En 1966 concédeselle, por unanimidade, o Premio Nacional de violín Isidro Gyenes. Debuta como barítono en “Carmina Burana” de Carl Orff. Do seu

mestre, E. Truán, estrea varias obras para canto e piano e toda a súa obra de violín. Á morte de E. Truan (1995), ocúpase de concluír algunhas das súas composicións inacabadas. Estrea obras de varios compositores, como E. Hallfer. Participa como barítono no Milagre de Albelda de E. Truán, obra estreada pola Ou. S. de RTVE, coa que percorreu Europa, América do Norte, México e Xapón, e numerosos recitais no Teatro Real de Madrid, a máis diso cursos de técnica violinística e de Música de Cámara. Compuxo obras para violín, viola, violoncelo, piano, órgano e guitarra, así como música de cámara, sinfónica e coral. Unha das súas obras sinfónicas, “El poema de tu nombre”, foi estreada no ano 2000 pola Orquesta Sinfónica de RTVE, dirección de Sergiu Comissiona.



# ARTURO BARBA

Arturo Barba desenvolve unha intensa actividade concertística realizando recitais en festivais de órgano tan emblemáticos como os da Catedral Católica de Moscova, Catedral de Notre D ame de Par s, Catedral de Colonia, Bas lica de Sta. Mar a in Trastevere de Roma, Festival de  rganos hist ricos de Venecia, Catedral de Cali, Catedral de Lausanne ou Catedral de Bratislava, as  como nos m is importantes ciclos de  rgano de Espa a, Alema a, Portugal, Holanda, Francia, Rusia, Su za, Colombia, B lxica, Polonia,

Eslovaquia e Italia. Ofreceu concertos en numerosos órganos históricos europeos (Gottfried Silbermann da Catedral de Freiberg, Arp Schnitger de Norden e Weener, Callido e Nacchini en Venecia, Merklin da Catedral de Murcia, Cavallé-Coll, Bosch, Echevarria, etc.), trasladando con rigor ás súas interpretacións a valiosa experiencia adquirida nestes instrumentos históricos.

Tras máis de dez anos colaborando coa Orquestra de Valencia e coa Orquestra do Palau de Les Arts Reina Sofía de Valencia, interpretou a práctica totalidade do repertorio sinfónico con órgano xunto a directores como Zubin Mehta, Fabio Biondi, Michel Plasson, Cristóbal Halffter, James Gaffigan, Josep Pons, Ramón Tebar, Plácido Domingo, Gustavo Gimeno, N. Luisotti, L. Yu, E. García Asensio, E. Traub, J. Belohlavek, G. Pehlivanian, H. Nánási, Ch. Franklin, M. A. Gómez-Martínez, entre outros. Arturo Barba realizou gravacións en directo para RNE-Radio Clásica así como varios rexistros discográficos como solista, destacando “Bach y su tiempo en el órgano del Palau” (Palau da Música de Valencia) e “Europa suena desde el corazón de Castilla” (órgano histórico de Elche de la Sierra). Interesado pola promoción do seu instrumento, é director artístico de diferentes festivais internacionais de órgano da Comunidade Valenciana.

Natural de Valencia, cursou estudos superiores de órgano e piano no Conservatorio Superior de Música de Valencia (CSMV) finalizando a especialidade

de órgano con Matrícula de Honra e Premio Extraordinario Fin de Carrera por unanimidade baixo a dirección do catedrático Vicente Ros. Amplía estudos en Madrid e participa en numerosos cursos internacionais, traballando con T. Koopman, J. Laukvik, L. van Doesselaar e E. Kooiman (Bach); L. F. Tagliavini, R. Alessandrini (música italiana); M. Bouvard e Ou. Latry (música francesa); M. Torrent (música ibérica); L. Chiantore, J. Achúcarro, D. Bashkirov, J. Colom e K. & M. Labèque (piano). Arturo Barba é Doutor cum laude pola Universidade Politécnica de Valencia (UPV), onde obtén tamén o título de Arquitecto. Profesor de Conservatorio por oposición, exerceu docencia de grao e máster no CSMV, na UPV e en Musical Arts Madrid, así como nos Conservatorios Profesionais de Valencia e Torrent.



## LORETO ARAMENDI

Organista titular do órgano Cavallé Coll (1863) da Basílica de Santa María do Coro de San Sebastián e concertista internacional. Ofreceu numerosos recitais en festivais internacionais tanto en EEUU, Xapón, Arxentina, Canadá e Rusia, así como na maioría dos países europeos actuando en espazos como a Ópera City Hall de Tokyo, Auditorio Nacional de Madrid (Bach-Vermut), Notre Dáme de París, Hallgrímskirkja en Reykjavik, Saint Patricks Cathedral de Nova York, Catedral de Moscova, Catedral de Westminster ou

o Auditorio de Stavanger (Noruega) entre outros.

Estuda órgano no Conservatoire National Rexional de Bayona con Bernadette Carrau e Esteban Landart, obtendo a Medalla de Ouro e o Primeiro Premio ao terminar o ciclo de Perfeccionamento.

Trasládase a Lyon e ingresa no Conservatorio Nacional Superior de Lyon (CNSMD), onde traballa con Jean Boyer, Louis Robilliard e J. Von Oortmersen obtendo o primeiro premio con "Mention très ben" e o Diploma Nacional de Estudos Superiores na especialidade de órgano. Foi bolseira pola Deputación Foral de Guipúscoa durante dous anos, así como pola Fundación Lartundo.

Perfecciónase no Conservatoire National Superior Rexional de París durante cinco anos con Nöelle Spieth obtendo o Primeiro Premio ao finalizar o Ciclo Superior de clave e o Diploma de Estudos Musicais Xenerais. Así mesmo, traballa con J. Rouvier na especialidade de piano. Traballa o piano en Barcelona durante tres anos con Edith Fischer e Jorge Pepi. Realizou cursos de perfeccionamento con profesores como M. Radulescu, J. von Oortmersen, W. Jansen, D. Moroney, R. Requejo, Roberto Szidon e Sakharov entre outros. Loreto Aramendi foi colaboradora da Orquestra Sinfónica de Euskadi durante varios anos. Ofrece concertos como solista e dentro de diversas agrupacións tanto como organista, pianista e

clavecinista abarcando o seu repertorio todas as épocas e estilos.

É licenciada en Psicoloxía pola universidade do País Vasco (UPV) e na actualidade é profesora no conservatorio profesional Francisco Escudeiro de San Sebastián.

**a clásica**